

O arquivo verde: Inventario das árbores históricas de Betanzos

ÁNGEL ARCA Y BARRAL¹,
JOSÉ ÁNGEL PAZ QUINTANA²,
DANIEL LUCAS TEIJEIRO MOSQUERA³

Sumario

O coñecemento e difusión das especies de árbores singulares de Betanzos é unha necesidade para poder coñecer o patrimonio cultural conservado. Co obxecto de documentar aquelas árbores máis destacadas e das que se conserva documentación, o presente artigo céntrase na súa identificación e contextualización como elemento vertebrador do desenvolvemento da historia da arquitectura e do urbanismo da vila.

PALABRAS CHAVE: Árbore singular, árbore senlleira, botánica histórica, arquitectura, urbanismo.

Abstract

The knowledge and dissemination of singular tree species is necessary to know the preserved cultural Heritage. The objective of this article is to documentary evidence of those prominent trees and those are documented. So, the present article is focused in its identification and contextualization as a supportive component of architecture history development and the village urban planning.

KEYWORD: Singular tree, unique tree, historical botany, architecture, urbanism.

‘Árbores senlleiras’ é unha denominación legal da Xunta de Galicia que fai referencia ás árbores de interese no patrimonio natural galego. Poden ser autóctonas -carballos, castiñeiros, teixos, sobreiras...- ou foráneas -camelias, sequoias, arciprestes...-, pero sempre cunhas características que as fan singulares sobre a maioría de especies arbóreas.

Desde o ano 2007, o Comité de Árbores Senlleiras da Xunta de Galicia catalogaas segundo criterios de situación xeográfica, dendométricos, biolóxicos, ecolóxicos, estéticos, históricos, tradicionais e culturais⁴. Este status legal adóitanos recibir especies catalogadas como ‘monumentos naturais’, unha condición que permite a súa conservación e que atinxe á *Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade*⁵.

O estudo da biodiversidade vexetal necesítase para comprender a evolución arquitectónica, urbanística e ornamental dun lugar. Polo tanto, o outorgamento desta

¹ **Ángel Arcay Barral** (Betanzos, 1988). Licenciado en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela ca especialización de Patrimonio Documental e Bibliográfico. Mestre en Historia e Patrimonio pola Universidade do Porto. Técnico superior en Guía, Información e Asistencia Turística e Guía Oficial de Turismo de Galicia. É coordinador da revista de investigación *Casa dos Espellos* e un dos autores da obra *El Parque del Pasatiempo de Betanzos*.

² **José Ángel Paz Quintana** (Betanzos, 1983). Titulado en Educación Social e Guía Oficial de Turismo de Galicia, dedícase profesionalmente a temas de educación ambiental e patrimonio. Fundador do proxecto *77 Turismo de Betanzos*, desde o que realiza visitas guiadas pola cidade.

³ **Daniel Lucas Teijeiro Mosquera** (Betanzos, 1996). Graduado en *Historia da Arte* pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) e no Mestrado Interuniversitario en *Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte* pola USC e a Universidad de Las Palmas de Gran Canaria. Actualmente, é investigador predoutoral FPU no Grupo de Investigación *Historia del Arte, de la Arquitectura y del Urbanismo* do Departamento de Historia da Arte da USC e membro do proxecto de I+D+i *Memoria del Patrimonio Arquitectónico Desaparecido en Galicia. El Siglo XX* financiado pola Agencia Estatal de Investigación.



Antonio Vázquez (1616). Mapa da cidade de Betanzos para representar o incendio de 1616.



Anónimo (s.d.). A rúa dos Ferreiros a comezos do século XX cos baceles da porta da Ponte Nova.



Gabín (Anos 60). Vista de Betanzos dende a Angustia.

distinción ten como obxectivo a conservación dunha especie vexetal no tempo, de maneira que sexa percibida na sociedade como un elemento máis do patrimonio natural e cultural que vive no día a día.

Pois ben, as árbores senlleiras gozan de protección integral xunto co seu contorno inmediato. De igual maneira que ocorre cos inmobles declarados bens de interese cultural, este patrimonio natural tamén posúe un contorno de protección para garantir a súa conservación futura.



Anónimo (Anos 60). Vista de Betanzos arredor da década dos 60.



06 - Anónimo (Anos 60). Vista de Betanzos arredor da década dos sesenta.

Na comarca de Betanzos existen doce especies arbóreas catalogadas. Un dos lugares máis destacables é o insigne Pazo de Mariñán, onde os marqueses de Mos implantaron os xardíns de tipo mixto que se conservan. Nel consérvanse mirtos (*mirtus communis*), plátanos de sombra (*platanus x hispanica*), eucaliptos (*eucaliptus globulus*), unha pacana de Illinois (*carya illinoensis*) e un madroño (*arbutus unedo*), árbores que foron plantadas a finais do século XIX (Sánchez, 1999). Non en balde, polo resto de localidades próximas tamén se foron catalogando nos últimos anos varias árbores de interese histórico-natural: a secuioia xigante (*sequoiadendron giganteum*) do Pazo do Casal en Santa Marta de Babío (Bergondo), o teixo (*taxus baccata*) do antigo Pazo de Baldomir de Guísamo (Bergondo), o cocoteiro chileno (*jubaea chilensis*) plantado por Emilia Pardo Bazán no Pazo de Meirás (Sada), o pino insigne (*pinus radiata*) do Castelo de Santa Cruz (Oleiros), o ombú (*phitolacca dioica*) no Centro Cultural de Santa Cruz, un pino marítimo (*pinus*



Anónimo (s.d.) Fonte das Catro Estacións no Parque do Pasatempo, a comezos do século XX.



Ferrer (ca.1905). O Campo arredor de 1905.



Francisco Javier Martínez Santiso (ca.1900). Vista da Praza do Campo dende o adro de San Domingo.

pinaster) no quilómetro 14 da estrada N-651 da parroquia de Leiro (Pontedeume) ou un alcornoque (*quercus suber*) do Pazo de Santa Cruz de Mondoí (Oza-Cesuras).

Con todo, con este artigo quérese pór en valor e difundir as especies árbores históricas da cidade de Betanzos, xa que son elementos vexetais que axudan a comprender o legado local do patrimonio natural e cultural. Neste eido hai que recoñecer o labor informativo que vén realizando a edición dixital de *Xornal de Betanzos*, pois nos últimos anos propuxeron un inventario de posibles árbores senlleiras brigantinas. Xunto a esa iniciativa,



Ferrer (ca.1905). A Praza do Campo nun día de feira arredor de 1905.

requírese facer unha pescuda documental que, cando menos, permita dotar a estas árbores dun *corpus* escrito de referencia. Para iso hai que ter en consideración a consulta e análise dos proxectos de parques e xardíns que se conservan no Arquivo Municipal de Betanzos, fontes documentais que foron estudadas para este traballo e que achegan unha boa cantidade de datos inéditos.

BREVE INVENTARIO DAS ÁRBORES HISTÓRICAS DE BETANZOS

1. Aspectos xerais sobre as plantacións anteriores ao século XIX

1.1. As plantacións *intramuros*

A evolución urbana de Betanzos está condicionada polo desenvolvemento histórico do Castro de Untia. A partir desta unidade habitacional castrexa medrou o urbanismo da actual cidade de Betanzos, logo do traslado da poboación de Betanzos o Vello en 1219. A primeira muralla constrúese en torno á croa e posteriormente sobre o terraplén do outeiro no que se asenta o castro.

O urbanismo brigantino creceu en torno ao epicentro do castro e abrangueu un caserío típico da Idade Media con base no plan concéntrico. As casas eran maioritariamente realizadas en madeira, estaban amontoadas e debuxaban unha paisaxe irregular, pois posuían volumes e escalas de diferentes proporcións.



Francisco Javier Martínez Santiso (s.d.). O Cantón Pequeno no primeiro terzo do século XX.



Francisco Javier Martínez Santiso (s.d.). Antiga capela de San Roque no Cantón Pequeno a comezos do século XX.

Nese plano medieval, non se concibía a posibilidade a integrar árbores monumentais no espazo público, como si sucedeu a partir do século XIX. O lugar predilecto para a introdución de especies vexetais eran as pequenas hortas traseiras das casas. Polo tanto, desta época apenas se poden contabilizar especies singulares.

Non en balde, hai algunhas testemuñas que definen a nosa agricultura e horticoltura tradicional. Cabe salientar a frecuencia coa que aparece o termo ‘guerta’ en diversos documentos do século XVI (Erias Martínez & Veiga Ferreira, 2002)⁶. As ‘guertas’ loxicamente fan referencia á palabra «horta» e eran aqueles espazos situados enriba das portas da antiga muralla de Betanzos ou mesmo nos torreóns inmediatos. Nelas dispúñanse os baceles, unha idea que aínda pervive, en parte, na terraza da Porta da Ponte Nova, pero tamén noutras cidades, como é o caso da Porta de Mazarelos en Santiago de Compostela.

Xunto co viño, a obtención de froita era moi abundosa. En verbas de José Raimundo Núñez-Varela y Lendoiro, Betanzos debería de denominarse como a cidade «de los Naranjos», porque nas hortas das casas brigantinas había unha grande cantidade de laranxeiras e limoeiros. De feito, os cítricos obtidos destas árbores exportábanse desde Betanzos a Inglaterra no século XVII⁷.

1.2. As plantacións *extramuros*

Fóra do recinto amurallado, as especies arbóreas que se plantaban durante a Idade Media e Moderna eran as típicas da vexetación autóctona. De todos os xeitos, hai que ter en conta que moitos bosques que existen na actualidade eran prados ou viñedos, pois as terras tiñan unha maior explotación agropecuaria noutrora. Isto debuxaba unha paisaxe de monte baixo, na que se cultivaba abundantemente o millo, trigo, centeo, liño, hortalizas, legumes e un viño «de mala calidad» que só se consumía no país, pero sobre todo árbores frutais (Madoz Ibáñez, 1846: 301-302). Malia que as leiras inmediatas á cunca dos ríos



Francisco Javier Martínez Santiso (1894). Procesión de Xoves Santo.

Mandeo e Mendo contiñan unha orografía moi irregular, os terreos eran moi propicios para a actividade agrícola, cuxa colleita se vendía na súa meirande parte nas feiras.

Sobre isto hai que ter en consideración ao canónigo cardeal Jerónimo del Hoyo, pois percorreu as propiedades do Arcebisado de Santiago para poder coñecer e documentar os seus bens. As súas *Memorias del Arzobispado de Santiago* (1607: 228) é unha fonte documental principal e con ela pódense coñecer varios aspectos sobre os cultivos brigantinos, e polo tanto especies arbóreas, a principios do século XVI:

Frutas se coxen en grande abundancia y de todo género, particularmente pero, camoeça y fada y es tanta la que se coxe que en algunos años se suelen cargar mas de cien navios para Francia, Lisboa y Sevilla. Y hay hombre que sin cultivar los arboles coxe mas de ochocientos millares y algunos que sola su cosecha suelen cargar un navio.

A grande cantidade de froitas que se extraían das árbores en Betanzos foi unha noticia que en realidade sempre chamou a atención. Un século despois da testemuña do cardeal Jerónimo del Hoyo, o Marqués da Ensenada tamén constata o grande número de frutais existentes: maceiras, pereiras, ameixeiras, cerdeiras, melocoteneiros, pexegueiros, limoeiros, limas e laranxeiras agrias e doces, nogueiras e marmelos⁸.

Non obstante, nos montes tamén había árbores maderables, é dicir, as plantadas para a extracción de madeira para a calefacción durante o inverno e para a construción de inmoables e obxectos móbiles. A partir de recentes traballos de campo, identificáronse ata vinte e dúas especies autóctonas características da nosa comarca (Amigo Vázquez, Rodríguez Guitián, Giménez de Azcárate Cornide, Romero Buján, 2016). Estas pódense clasificar segundo a súa dendometría, ou sexa, segundo o tamaño que poden chegar a acadar⁹. Pódense distinguir en tres grandes grupos:

ESPECIES DE ÁRBORES AUTÓCTONAS DA COMARCA DE BETANZOS QUE SE CONSERVAN NA ACTUALIDADE		
MICROÁRBORES (entre 5 e 12 m de altura)	MESOÁRBORES (entre 12 e 24 m de altura)	MACROÁRBORES (máis de 24 m de altura)
Avellana (<i>corylus avellana</i>)	Melojo (<i>quercus pyrenaica</i>)	Carballo albar (<i>quercus robur</i>)
Sauce ceniciento (<i>salix atrocinerea</i>)	Abedul (<i>betula pubescens</i>)	Castiñeiro (<i>castanea sativa</i>)
Loureiro (<i>laurus nobilis</i>)	Fresno de follas estreitas (<i>fraxinus angustifolia</i>)	Fresno de montaña (<i>fraxinus excelsior</i>)
Acibro (<i>illex aquifolium</i>)		Arce branco (<i>acer pseudoplatanus</i>)
Madroño (<i>arbutus unedo</i>)		Olmo montano (<i>ulmus glabra</i>)
Saúco (<i>sambucus nigra</i>)		Cerdeira (<i>prunus avium</i>)
Pereira silvestre atlántica (<i>pyrus cordata</i>)		
Arraclán (<i>frangula alnus</i>)		
Espiño albar (<i>crataegus monogyna</i>)		
Endrino (<i>prunus spinosa</i>)		
Mundillo (<i>viburnum opulus</i>)		
Maceira silvestre (<i>malus sylvestris</i>)		

Ao longo dos séculos algunhas das especies desta tabla tamén se cruzaron e orixinaron hibridacións, que son máis difíciles de identificar. As máis frecuentes son a do carballo tipo *quercus x andegavensis* (*quercus robur* cruzado co *quercus pyrenaica*) e a do fresno tipo *fraxinus x oxycarpa* (*fraxinus excelsior* cruzado co *fraxinus angustifolia*).

Alén destas especies, tamén son típicas outras que están fóra desta listaxe. É o caso do pino marítimo (*pinus pinaster*) ou da nogueira (*juglans regia*). Tamén foron moi empregadas algunhas especies arbustivas nos espazos axardinados máis refinados, como ocorría nos pazos; neste sentido, as máis frecuentes eran o buxo (*buxus sempervirens*), o taray (*tamaris spp*), o brezo branco (*erica arborea*) e o mirto de turbeira (*myrica gale*).

Por último, varios nomes das nosas rúas e dos nosos barrios aínda remiten ao seu pasado vexetal, como é o caso dos Pelamios e do barrio das Cascas, relacionados co labor das tenerías e ca antiga localización de plantacións (Urgorri, 1989: 56). É evidente que a través da investigación no patrimonio vexetal pódense tocar diferentes liñas de investigación, como por exemplo a toponímica.

1.3. As xunqueiras e a súa conversión en leiras e xardíns

A economía de Betanzos aproveitábase fondamente do tráfico marítimo que chegaba pola ría. Esta boa situación foi trocando co encenegamento da mesma, o que dificultaba a navegabilidade e, como consecuencia, facía diminuír o tránsito marítimo. Ademais, os terreos pantanosos eran terras estériles que non servían para explotacións agropecuarias.

Coa chegada das políticas ilustradas setecentistas, Betanzos foi escenario dun dos plans enxeñerís máis ambiciosos de Galicia. O francés Carlos Lemaur, pertencente ao Corpo de Enxeñeiros Militares de España, foi o encargado de redactar o proxecto polo que se drenaron as marismas, mais nunca se chegaría a executar¹⁰. Esta ardua tarefa de desecación estíbese a acometer en moitas zonas pantanosas de Europa co mesmo obxectivo: sanear e hixienizar as cidades e vilas.

Se ben a intervención de Lemaur non se chegou a executar, a veciñanza foi aproveitando os brañais desecados para instalar novas habitacións agropecuarias, especialmente no lugar do Carregal. A vexetación deses terreos era óptima para abonar, especialmente os xuncos secos, cuxa actividade era comunal e regulada, ou os patexos da ría.

Xunto co aumento de leiras sobre os brañais, durante o século XIX tamén foron xurdindo fincas con ostentosos espazos axardinados. Nestas foi clave para a introdución de especies ornamentais, especialmente grazas a proxección de xardíns, dos que cómpre salientar o Pasatempo ou o de Manuel Naveira, situado entre o Pasatempo e a ponte de Cachiñas -actualmente coñecida como ponte do Carregal-.

Avanzado o tempo, a moda de incorporar especies ornamentais era fervorosamente criticada por algunhas persoas no século XX, especialmente polo escritor chairego Lois Peña Novo. El sostíña que «en la campiña de Betanzos había muchos árboles de adorno» dos que non se obtiña ningún «producto remunerador» (1918: 63) e polo tanto era unhan auténtica inutilidade produtiva. En contraposición, defendía a explotación de árbores frutais, tal e como se reflicte constantemente na prensa local, con lemas como o de «¡Betanceros, plantad muchos frutales!» (1951: 97).

2. As plantacións da Praza do Campo

2.1. Plantacións e evolución urbana da praza desde a Idade Media ata o século XIX

A actual Praza dos Irmáns García Naveira coñécese popularmente como «Praza do Campo», cuxa denominación alude á de «Campo da Feira», pois era o lugar onde se celebraban os mercados de froitas e verduras desde o século XIII (Erias Martínez, 1995: 53-55); isto é, actuaba como un auténtico burgo medieval. Como espazo público de mercado e venda de gando, sempre tivo a necesidade de posuír árbores, xa que estes servían para dar sombra ou refuxiar das inclemencias do tempo ás persoas e aos animais que se vendían.

Para imaxinarse como podía ser o Campo da Feira hai séculos, chega con visitar outros campos da feira onde se conservan as ringleiras de plantacións arbóreas coa mesma función; por exemplo, o de Guísamo (Bergondo) ou o de Cambre, se ben estes tiñan unha extensión bastante máis reducida que o de Betanzos.

Apenas hai información sobre o Campo da Feira e as súas plantacións na Idade Media. Os primeiros datos que se poden recoller aparecen no século XVI, concretamente a partir da publicación da Real Carta que emite o rei Felipe II no 1574 pola que se ordena a repoboación forestal do Reino de Galicia. Seguindo este ditado, un ano despois replántase con carballos o Campo da Feira, a horta do convento de Santo Domingo e a horta de Cachiñas que baixaba cara o río Mendo. Estes terreos estaban baixo xurisdición do Mosteiro



Anónimo (Anos 20). Augadoras na Fonte da Diana Cazadora.



Anónimo (ca.1930). A Plaza García Irmáns en torno aos anos trinta.

de Sobrado, pero ante a orde de Felipe II se esixen unhas características que, *grosso modo*, consistían en que cada árbore tiña que ter unha altura de tres varas -aproximadamente dous metros e medio- e un grosor de un venablo -aproximadamente 0,55 centímetros¹¹.

Polo tanto, entre os séculos XVI e XIX o Campo da Feira estaba dominado por carballos. Pola contra, no século XIX execútanse varias obras coa finalidade de reconverter o Campo da Feira nun grande espazo diáfano, como se for unha praza maior española. Alén do enlousado que se realiza en 1845 para substituír o antigo chan de terra ou á marxe da



Anónimo (s.d). Campo da Feira a comezos do século XX.

paseniña incorporación de farois de gas, entre as obras máis importantes cabe citar a instalación da fonte da Diana Cazadora en 1868 (Torres, 1995), unha ostentosa solución decorativa típica no urbanismo francés que estaba de moda. Tentando facer da praza un espazo máis acolledor, tamén se modificou a súa fachada contra a antiga muralla da cidade, pois esta derrúbaa o concello en 1872 como consecuencia do *Proxecto de Ensanche e Aliñación da Rúa do Castro*¹². Realmente, a muralla estaba nun estado de conservación moi malo, cunha aparencia semiruinosa, e ese aspecto non tiña cabida nos postulados modernos que se espaxaban polas cidades europeas e proviñan das teorías haussmanianas aplicadas co respaldo de Napoleón III no París do Segundo Imperio. Segundo o barón Haussman, a solución máis moderna para as cidades do futuro fundamentábase no ensanchamento das rúas, a ampliación de prazas e integración de árbores para facilitar unha maior hixiene, circulación e espazos de lecer¹³.

Pódese dicir que no século XIX se espalla por primeira vez nas cidades e vilas de Europa a ‘teatralidade urbano-vexetal’ dos espazos públicos, se ben en Betanzos non foi un caso tremendamente notable. A pretensión de embelecer os espazos feirais foi frecuente noutras doutras cidades medievais, como ocorreu coa Praza do Campo de Lugo ou coa de Santiago de Compostela -actualmente coñecida como Praza Cervantes-.

2.2. O Cantón Grande

A primeira obra destacable co gallo de embelecer a Praza do Campo foi a construción do Cantón Grande -actual Cantón Claudino Pita-. A súa orixe remóntase a 1839¹⁴, ano no que se finalizan as súas obras. Probablemente, este espazo de espallamento xa contaba con especies arbóreas desde un principio. A finalidade que tiña estaba clara: dar sombra, mais desta volta coa vontade de servir máis ben aos viandantes que pululaban ociosamente pola rúa e que podían sentar nos primeiros bancos públicos que se colocaban nas rúas de Betanzos.

Fose como for, nas actas municipais de 1855 hai constancia por primeira vez do «plantío de arbolado en la plaza del campo de la feria circundando a los tres costados norte, levante y poniente de la misma». Aínda que estas indicacións non especifican que árbores eran, sinálase por primeira vez que se se colocan árbores no Cantón Grande, pois este situábase



Anónimo (Anos 20). Imaxe da gran árbore ao pé da igrexa de San Domingo.

nese costado norte; así mesmo, tamén se indica que se plantan as árbores correspondentes co cantón pequeno e coa zona inmediata aos Soportais. Finalmente, por ornato e para evitar os desperfectos que causaba o tráfico de gando no enlousado da praza, desprázase o mercado de animais para a zona posterior do Picardel, actual praza de Afonso IX.

Verdadeiramente, detrás desta idea estaban as solucións máis modernas que se levaban a cabo na Coruña, especialmente nos cantóns de Lacy e Porlier -actuais cantóns grande e pequeno-, que foron os referentes deste tipo de espazo público oitocentista. De feito, durante a primeira alcaldía de Juan Flórez (1846-1847) impúlsase a renovación do futuro espazo comprendido polos devanditos cantóns baixo proxecto do arquitecto académico Faustino Domínguez Domínguez¹⁵, coa meta de seren considerados unha das obras urbanísticas máis modernas de Galicia.

2.3. O Cantón Pequeno

O Cantón Pequeno foi un tramo urbano que na actualidade non se conserva. Coñecido tamén como Cantón San Roque, situábase contra o Colexio de Orfas, a capela de San Roque e o Hospital de Santo Antonio de Padua.

A súa creación remóntase á década de 1840 e foi, sen dúbida, un auténtico paseo nobre. O político progresista e xeógrafo Pascual Madoz foi testemuña desa construción e eloxiouna con rotundidade:

La plaza o campo de feira ha recibido una notable reforma, pues en ella se ha construido un paseo que aunque pequeño, ofrece un punto de reunión y desahogo del que antes carecía, y de día en día va mejorando (Madoz Ibáñez, 1846: 301).



Antonio Selgas (1953). Vista da Praza do Campo.

Xunto co Cantón Grande, imitaba a tipoloxía dos *promenades* parisienses, é dicir, dos itinerarios de paseo por onde os *flâneurs* máis elegantes paseaban constantemente e por onde a xente exhibía as súas mellores galas de domingo. O concepto de *promenade* era moi frecuente no urbanismo oitocentista de Europa e como exemplos próximos estaba, loxicamente, os xa mencionados Cantóns de Lacy e Porlier na Coruña ou no antigo Paseo de Inverno da Alameda de Santiago de Compostela proxectado por Blas Galiano sobre o campo de Santa Susana en 1831.

Para coñecer o Cantón Pequeno é interesante reparar en dous documentos gráficos nos que se representan as súas árbores. Por unha banda, nun debuxo realizado por Manuel García Faílde no ano 1867 sobre outro de Veiga Roel; por outra, unha fotografía de Francisco Javier Martínez Santiso en propiedade de José Raimundo Núñez-Varela y Lendoiro.

2.4. As árbores en torno á Diana Cazadora

A disposición arbórea que posuía a Praza do Campo a finais de século pódese observar nunha fotografía realizada por Francisco Javier Martínez Santiso en 1894, na que posiblemente se mostra unha procesión de Venres Santo (Erias, Veiga, 2001: 30). Nesta instantánea as árbores que rodean as escaleiras do adro de San Domingos aínda non aparecen, así coma as que circundan, aínda hoxe en día, a fonte da Diana Cazadora que parecen estar rodeadas por uns simples postes e que aparece sen árbores en instantáneas posteriores do inverno do 1900.

No debuxo que realiza José Tomás Veiga Roel en 1898 si aparecen reflectidas varias árbores no entorno inmediato da fonte, o que pode indicar que as mesmas deberon ser



**H. COMERCIO
DE RAMÓN G. PERNAS**
SUCESOR DE JUAN LÓPEZ
PLAZA DE GARCÍA NAVEIRA TELÉFONO 19

Esta casa es la mejor, la más económica y mejor situada.
Buenas y amplias habitaciones Servicio esmerado. No se dejen en-
gañar, exijan esta casa y se convencerán

Anuncio do Hotel Comercio para o Programa das Festas de San Roque de 1923.

substituídas, motivo polo que non aparecerían nas imaxes de principios do ano 1900 pero si nas do mesmo ano nun período algo posterior. De feito, si aparecen árbores pequenas tiradas desde o adro en documentos gráficos dese mesmo ano e, xa con certo porte, en fotografías do 1905. Dese mesmo lustro deben ser as situadas por diante do adro e separando os espazos da actual praza García Naveira da Praza de Galicia -que se situaba fronte ao Edificio do Arquivo-.

Polo que se pode apreciar nas fotografías, as árbores do período do XIX en adiante non serían carballos, pois as súas proporcións eran menores, senón robinias ou falsas acacias nas marxes do Cantón Grande e plátanos de paseo no caso dos que se situarán arredor da fonte da Diana Cazadora. O emprego de árbores da variedade do plátano de paseo respondería á boa resposta das podas e a que é doado darlles forma, o que axudaría na pretendida busca de sombra.

A disposición das árbores da praza maior e dos cantóns parece manterse inalterable durante o século XX. Non así as especies, xa que reformas coma a que se levaron a cabo, por exemplo, co gallo da construción do aparcadoiro subterráneo no ano 1997, fixeron que



Germán Muíño (Anos 50). Xardíns nevados diante do Edificio Arquivo e no Cantón.

se talaran as especies que poboaban a zona e se substituíran por outras. Nunha nova do propio Concello con data de 29 de xaneiro do 2018 indícase unha nova substitución de especies, neste caso indicando que se trataba da:

Plantación de nove acacias na beirarrúa situada nas inmediacións do edificio Liceo, os xulgados e o centro da terceira idade, en substitución doutras tantas aínda sendo tamén da familia das mimosas, eran acacias das denominadas invasoras¹⁶.

Tamén cabe sinalar que en varias fotografías aparecidas no traballo *El Campo de la Feria o Plaza del Campo* do Cronista de Betanzos (Núñez-Varela, 2004: 28), datadas no primeiro terzo do século pasado, as árbores do Cantón pequeno mostran diversa porte, o que fai pensar que foron substituídas nalgún momento deste período. As especies empregadas neste amplo período parecen variar entre plátano de sombra arredor da fonte, ata 1930, e acacias en períodos posteriores segundo vemos nas fotografías de Antonio Selgas, datadas en 1955.

En imaxes de finais do XIX e nunhas dos anos trinta do século pasado destaca o porte do que parece ser un eucalipto situado na esquina entre a nave norte e a ábsida da igrexa de San Domingos, superando en altura o templo. Este exemplar debeu desaparecer coa construción do edificio erixido nese mesmo lugar en 1940.

2.5. A Praza de Galicia

A respecto da Praza de Galicia pódense apreciar, no debuxo *El Campo de la Feria en 1867* de Manuel García Failde, dúas ringleiras paralelas de árbores situadas marcando os límites do que parece ser o comezo da rúa do Rollo. Nunha fotografía posterior ao 1894 soamente figuraría a ringleira máis próxima ao edificio do Arquivo, desaparecendo a máis próxima ao claustro de San Domingos.



Germán Muíño (Anos 50). Xardíns nevados diante do Edificio Arquivo.

A praza sufriría diferentes reformas e nela situaríase unha zona axardinada. Mediante a *Carta Abierta al Sr. Alcalde de esta ciudad*¹⁷ escrita en 1919, pódese indicar que unha das especies arbóreas situadas na zona do Cantón, diante do edificio do Arquivo, era o álamo e que se procedeu á súa tala con motivo de obras de mellora do lugar. En 1922 hai un proxecto de reforma deste espazo redactado polo arquitecto Rafael González Villar, que ten como fin acondicionalo coma xardín. Isto causou expectación entre a veciñanza, así que o xornal *Rexurdimento* fixose eco da nova:

Temos entendido que moi axiña se vai amañar o xardín de fronte ó Liceo, xa era hora. Emporiso, debemos ficar ledos, pois estamos enterados de que o intelixente arquitecto da Cruña, Sr. G. Villar fixo un proieito moi bonito, e soio falla comenzal-as obras. [...] O Concello solicitou de D. Johan G. Naveira o traslado da estátua que fica na finca chamada «O Pasatempo» e na que figuran el e seu irmao n'un grupo moi artístico. O moimento ficaría no novo xardín, do que donantes dimos conta. Moi formosa nos parecería, abofé, a realización d'esta idea, e coidamos que non haberá impedimento para que se leve moi axiña a práctica¹⁸.

Non en balde, o proxecto de González Villar non se comeza nese ano. Isto clarifícase en diversas fotografías realizadas en 1923 para anunciar o antigo Hotel Comercio da Praza de Arines (Torres, 2003: 277) e nalgunha outra do fotógrafo Jean Braunwald datada en 1930, xa que nestas imaxes aparece a praza despexada sen vexetación arbórea. A inauguración oficial prodúcese no ano 1950 e foi recollida no apartado de *Noticario Gráfico* da terceira edición do *Anuario Brigantino* coas seguintes palabras:

Con asistencia del gobernador civil, Don Rafael Hierro Martínez; presidente de la Diputación, Señor Delicado Farañón; delegado provincial de Sindicatos, señor Salgado Torres; delegado de Educación Popular, señor Serrano Castilla; alcalde de Betanzos, señor Dapena, y otras autoridades y jerarquías, tuvieron lugar en la tarde el 27 de marzo del año último, los actos de [...] inauguración del jardín situado frente al Archivo de Galicia.

Sábese que, cando menos, este xardín continúa ata 1956, pois nese ano reflíctese nas fotografías aéreas do voo americano e en *El Eco de las Mariñas*¹⁹ publícase unha breve nova titulada «El jardín de la Plaza Hermanos García Naveira». Nesta faise referencia ao mal estado de conservación e ao abandono que sufría polas autoridades locais:

No hace falta ser un - experto en jardinería para comprender que «el verde» emplazado delante del edificio Archivo —en otros tiempos— no es precisamente un jardín, aparte de que se le considere como tal. El abandono de los macizos y el despreocupado y anárquico crecer de los árboles lo demuestra. Si las inflexibles señales de tráfico de la Plaza no lo prohibiesen, estamos seguros de que no pocos animales tomarían el lugar por campo de alimentación. ¿Por qué no se simplifica la fisonomía del jardín vistiéndolo con el traje de los jardines llamados de tipo inglés? Seguramente le sentaría bien.

Non podemos afirmar con rotundidade o momento exacto no que desaparecen estes xardíns. De todas formas, seguramente foi contra os últimos anos da década dos cincuenta ou primeiros dos anos sesenta, xa que en instantáneas aéreas deses primeiros anos sesenta o lugar xa aparece despexado de vexetación.

3. O cemiterio vello dos Remedios

Construído en 1836 (Fernández, Veiga, 1993), o cemiterio vello dos Remedios contaba con numerosas especies arbóreas que se poderían incluír nesta análise. Nel destacan a presenza de teixos comúns (*taxus baccata*) de diferentes proporcións e que son capaces de chegar aos vinte metros de altura. O teixo común nace naturalmente a partir dos 800 metros de altitude, pero é frecuente atopalo nos camposantos porque así é como se implantou na tradición decorativo-funeraria desde as necrópoles da Antigüidade precristiana, xa que é moi apreciado para a ebanistería e armamentística, así como que posúe cualidades curativas e velenosas. Ao seu pé, entornando as formas dun xardín clásico, atópanse tamén varias ringleiras de buxos que nos guían entre os cadaleitos.

As variedades cromáticas existentes nos cemiterios teñen unha importante carga simbólica. Por exemplo, a mármore vincúlase cos epitafios e, polo tanto, coa morte e co respecto á persoa falecida; por outro lado, o verde tamén está presente a través da vexetación, indicando o renacer tras a morte. Baixo esta idea pódese concluír que en realidade a vexetación nos cemiterios constitúese en torno a uns fundamentos de botánica funeraria, pero tamén cunha iconografía propia. Neste sentido, prefírense moitas veces árbores perennes, para que non caia a súa folla no inverno e, coa súa tonalidade escura, poida simbolizarse a eternidade. Con esta finalidade lévase empregando o ciprés piramidal (*cumpressus sempervirens*) desde a Antigüidade (Quirós, 1990: 27). Segundo san Bernardo, o bo olor que desprenden as árbores harmonizan o contorno fúnebre para relacionar sensacións agradables coa dor da perda da persoa defunta (Barrallat, 1984: 5-8).

A primeira obra do cemiterio vello dos Remedios seguramente estea influenciada por un referente coetáneo: o xardín de San Carlos da Coruña. En realidade, o exemplo herculino é un referente ‘necrobótico’, xa que combina o espazo funerario -pois acolle a tumba do xeneral John Moore- e o recinto axardinado de ocio, que se comeza a plantar en 1838 (Sánchez, 2019). Non en balde, en xeral os cemiterios máis destacados sempre tiveron unha destacada presenza de vexetación, polo que adoitan ser espazos de interese para a localización de árbores senlleiras.



Anónimo (1901). Plantación das árbores no campo dos Caneiros.



Ferrer (ca.1900). Vista do Campo dos Caneiros.

4. Os Caneiros

Existen outros lugares máis onde as especies lograron sobrevivir ata os nosos días, agochando no interior do seu tronco centos de historias pasadas. Trátase, por exemplo, das decenas de plátanos aliñados no campo dos Caneiros que, durante décadas, vixían a chegada de romeiros o 18 e o 25 de agosto. Xunto a eles, un grupo de cinco eucaliptos tamén centenarios, reciben a quen decide chegar a pé ao campo da nosa festa máis importante.

Unha das moitas crónicas da plantación dos plátanos no campo dos Caneiros pódese atopar no xornal *El Progreso*:



Anónimo (s.d) Avenida dos Emperadores na parte baixa do Pasatempo.

El señor alcalde acompañado de varios concejales y otras personas entre las que figura el Sr. Pita, hicieron durante la última semana algunas excursiones a los Caneiros, con objeto de ultimar el plan de hermooseamiento del campo adquirido para la celebración popular del 18 de agosto. A más del terreno primeramente comprado para este objeto, se obtuvo por venta otra considerable extensión para lo cual anticiparon la cantidad de su coste el Sr. D. César Sánchez y varios compañeros de municipio a reintegrar en los presupuestos de los años venideros, por no tener en el actual, capítulo alguno que permitiese el desembolso. Según se nos afirma, se procedió ya al plantío de los plátanos en aquel campo y muy pronto darán principio a otras obras de capital importancia para el solaz y buen esparcimiento de los festeros, por todo lo cual y mucho más que esperamos de las grandes iniciativas de nuestros ediles, les envía esta redacción y el público en general un fervoroso aplauso²⁰.

5. O Parque do Pasatempo

O Parque do Pasatempo sería outro dos exemplos senlleiros dese cambio de centuria. A cabalo entre os séculos XIX e XX por promoción de Juan García Naveira, transformou a xunqueira do Carregal. O seu plano podía dividirse en dúas zonas ben diferenciadas, unha baixa e chá e outra alta e aterrada. Destas dúas, a que contiña un maior número de vexetación era a baixa, mais desapareceu completamente; tan só sería posible coñecerla a través de fotografías antigas ou estudos de arqueobotánica.

Na zona baixa existían distintos tipos de xardín. Na entrada do Carregal, había unhas parcelas que seguían a tipoloxía racional e ordenada do xardín francés, mais no caso do Pasatempo sen demasiadas especies monumentais. A idea era decorar con buxos e algún rosal, case todo especies arbustivas que, nalgunha ocasión se combinaban con algunha palmeira ou, fóra da propiedade, cunha pantalla de eucaliptos cara o río Mendo. Eses buxos servían precisamente para acoutar os camiños e mesmo para levantar o salón, o



Anónimo (s.d) Xardín-Comedor representado con buxo na parte baixa do Pasatempo.

dormitorio e o comedor da casa (Arcay, Duo, Souto, 2020: 276-277) do maior dos Naveira, nunha réplica que chamaba enormemente a atención dos visitantes; era unha verdadeira obra da topiaria máis sofisticada.

Ora ben, na meirande parte da explanada que comprendía a zona baixa tiña plantacións case desordenadas, un *horror vacui* verde que en moitos microespazos tiña aparencia buscada, como por exemplo no contorno que circundaba a estatua de Mercurio e os invernadoiros. Isto pode emparentarse á tipoloxía do xardín inglés, mais en miniatura e de moita menor transcendencia.

Segundo varias testemuñas que pasearon por esa parte do Pasatempo desaparecido, sábese que en torno ao Estanque dos Papas, a Fonte das Catro Estacións e a Estatua da Caridade, Juan García Naveira tiña plantados «palmeras, negrillos y eucaliptus»²¹ que acabarían sendo suplantados polos inmensos varais de lúpulo que modificaron a panorámica betanceira a mediados do século XX.

Pola contra, na parte alta non era habitual atopar grandes especies arbóreas, derivado sobre todo da dificultade da súa conservación sobre as grutas artificiais. Xa en tempos recentes, a transformación do Parque do Pasatempo nun xardín e nun referente para o medio ambiente veu parello dunha mala interpretación da súa restauración, sementando toda a parte alta do xardín de grandes exemplares que axudaron na progresiva destrución do ben. Raíces afundíndose nas grutas, plantas trepando en torno ás figuras ou a aparición de especies invasoras que medraban sen control pola falta de coidado e de conservación do gran arboreto creado no parque enciclopédico, trouxeron como consecuencia directa o mal estado de conservación no que se atopa.

6. O magnolio da Praza da Verdura e o xardín da Praza da Constitución

O grande magnolio que se ergue no adro da igrexa de Santiago é a árbore máis coñecida e respectada de todas as que se conservan *intramuros*. Este magnolio sobreviviu a grandes transformacións desde que se planta a finais do século XIX, cuxo emprazamento daquela era coñecido como a Praza da Verdura, pois era o lugar onde os días de mercado se vendían ese tipo de produtos. Se ben se conserva este magnolio, as árbores que a circundaban non, pois esta zona tivo varios proxectos urbanísticos que modificaron o epicentro da vila.

Tanto a antiga Praza da Verdura como a actual Praza da Constitución, contaron desde finais do século XIX con pequenos xardíns cos que ambientar e conectar as dúas praciñas en torno as fachadas da igrexa de Santiago. Entre as especies que existiron nesta situación, cabe salientar o ciprés de grandes dimensións que se localizaba xunto ao edificio da Cortaduría (Núñez-Varela, 2002), árbore que mesmo chegou a representar o pintor José Seijo Rubio.

Das plantacións da Praza da Constitución é do que máis información se conserva. Desde 1891 contou con dezaseis magnolias grandifloras, que estaban dispostas en dúas ringleiras que demarcaban visualmente en profundidade a fachada da casa do concello trazada polo arquitecto Ventura Rodríguez. Entre as anécdotas que arrodean a estas plantacións, destaca unha misiva enviada polos veciños á corporación, na que explican:

Al Sr. Alcalde de esta ciudad.

Los vecinos de la Plaza de la Constitución, en número de veinte y con excepción de don César Sánchez, doña Carmen Páez y doña Celestina Folla, hemos elevado la siguiente instancia:

Al Excmo. Ayuntamiento.

Los que suscriben, vecinos y habitantes de la Plaza de la Constitución de esta ciudad, se ven en la necesidad de formular ante V.E. una petición en la que esperan ser atendido, dados los términos de justificación en que se basa, para lo que pasan a formular algunas consideraciones que someten a la muy ilustrada de esa Excma. Corporación:

1º Hace ya bastantes años que en el Cantón que existe en la citada Plaza se han plantado de un lado y de otro una fila de árboles de adorno llamados Magnolios, muy impropios de dicho lugar por su exagerado y conocido desarrollo, lo mismo en la copa que en la raíz, amén de otras características que iremos refiriendo siquiera sea sustancialmente o de pasada.

2º Ignoramos si mientras dichos árboles fueron nuevos pudieron embellecer la mencionada Plaza -acaso le prestasen hermosura- pero hoy, podemos afirmarlo, solo sirven para causar



Ferrer (Inicios do s.XX). Fotografía do magnolio na primeira década do século XX.



F. J. Martínez Santiso (ca. 1899). Obras da Praza da Verdura e da modificación da torre orixinal da igrexa de Santiago.



Anónimo (s.d.) Foto do xardín que se levanta despois de 1938.



Anónimo. Monumento aos Caídos por Dios y por España inaugurado en 1946.


daños y perjuicios sin que dejen de reñir, de igual modo, con las buenas reglas de la estética y moderna exornación de las ciudades; todo ello según iremos viendo.

3º En efecto, el Cantón a que nos referimos, una de las mejores vías de esta ciudad, tanto por su situación topográfica con relación al núcleo principal de población como por su amplitud y entronque de calles importantes que de él arrancan, se halla en el más deplorable estado en lo que a su pavimentación hace relación, pues las piedras de granito de que está revestido el suelo encuéntrase desniveladas, resentidas y enormemente levantadas, lo que ofrece el más feo de los aspectos y el mayor de los peligros para el transeúnte, que donde cabía esperarse un moderno asfaltado no puede ver más que una amenaza constante para un accidente desgraciado. Y ese lamentable estado del pavimento, producto de los inconvenientes señalados, débese exclusivamente al gran desarrollo y fuerza impulsiva de la destructora raíz de los citados Magnolios. De continuar en pie los árboles, llegaría a resentirse toda la plaza, y las mismas casas que en ella existen sufrirán detrimento.

4º No es este solo el perjuicio que reportan los Magnolios de que nos ocupamos; otro fundamento existe de no pequeña importancia, cual es el de que con sus copas ciegan por completo las casas de la repetida Plaza, restándole luz y vista a que tienen perfecto derecho como todos los demás vecinos de la población. Además, siendo como son dichos árboles de hoja permanente, reúnen también el inconveniente de que en invierno hacen frías y húmedas las citadas casas y la vía pública con la sombra que proyectan.

En mérito de lo expuesto:

Suplican a la Excm. Corporación que teniendo por formulada esta instancia, se digne acordar la desaparición de los citados árboles, bien sea talándolos, bien transplantándolos a otro sitio donde no causen los apuntados perjuicios, y poniendo en su lugar otros, propios y adecuados, que no lesionen los derechos públicos ni particulares.



Portada do programa das festas de San Roque de 1944.



Anónimo (ca.1930). Día de feira na Praza da Constitución, ca ringleira de magnolios.

Es justicia que no dudan alcanzar del reconocido celo de esa ilustrada Corporación por todo cuanto redunda en beneficio de sus administrados.

Betanzos, 20 de enero de 1919²².

El Ayuntamiento, en sesión del día 25, acordó derribar los árboles aludidos y plantar en su lugar otros más adecuados al sitio y precisamente de hoja caediza.

Contra este acuerdo se formó un movimiento de opinión en el pueblo, cristalizado en otra instancia-protesta que, firmada por 121 ciudadanos, se dirigió al propio Ayuntamiento con fecha 28 del mismo mes, y éste, en sesión del 1º de febrero, acordó dejar sin efecto el primer acuerdo. Estamos convencidos de que la inmensa mayoría de los firmantes, aparte algunos que aprovechan todas las ocasiones para zaherir la gestión municipal y de otros que se las echan de puritanos, sin perjuicio de mandar cercenar bien las ramas de los árboles de frente a sus casas y dirigen cartitas, oponiéndose a que los planten delante de sus fincas, lo han hecho de buena fe, creyendo que se iba a realizar un verdadero atentado a la cultura.

Y no es así. Somos tan amantes del árbol como lo sea el que más, y algunos de nosotros podemos probar que hemos gastado dinero de nuestro bolsillo en el fomento del arbolado público; y seríamos de los primeros en suscribir dicha protesta en todas sus partes, menos en lo de llamarles legendarios e históricos a unos árboles de menos de 30 años, sin justificarlo, a no ser que se refieran a alguna historia amorosa desarrollada a la sombra de su frondoso ramaje. Ni que fueran el de Guernica o el de la Noche triste.

Pero no vamos a discutir si somos más o menos amantes del árbol. Aquí bien nos conocemos todos, y la buena conservación de los de la Plaza, prueba que sus vecinos lo defendieron. Lo que sucede es que el árbol, como todo lo bueno, o lo malo, cuando es mucho, causa daño

y se hace pesado, y así como el mejor manjar, tomado con exceso, indigesta, así el árbol cuando se desarrolla demasiado, estorba a sus compañeros, a las demás plantas, a los edificios y al hombre.

Por eso en los bosques se hacen los rareos; por eso en las carreteras se talan si perjudican los sembrados, a pesar de la sombra que proporcionan al caminante: suprema ley; por eso se suprimen en los jardines, porque impiden el desarrollo de las demás plantas y de las flores, recreo de la vista y del espíritu; por eso se sustituyen o suprimen de las calles, porque destruyen su pavimento e impiden la luz y la ventilación de las viviendas.

En prueba de lo que decimos, véase cómo se han suprimido todos los árboles de las calles del ensanche de la Coruña que han sido asfaltadas, se han sustituido por otras pequeñitas, a la distancia de seis metros, las antiguas acacias de San Andrés, y por palmeras los grandes plátanos que había en el relleno, y se ha rareado el arbolado de sus jardines a pesar de la oposición de la sociedad «Amigos de los árboles», vencidos por los «Amigos de los jardines» en la discusión que sostuvieron sobre este asunto del rareado.

Y aquí en Betanzos, donde todos hemos llamado Maceo a un alcalde que sustituyó por las actuales de bola las antiguas y deformes acacias que existían en la Alameda y el Cantón Grande, reconocimos enseguida que había tenido razón, como la ha tenido el vecindario de la acera de los portales del Campo en ir suprimiendo las que allí existían. No ha tenido tanta el que mandó cortar los álamos de frente al archivo, a pretexto de que se iba a arreglar aquella calzada; pero se calló todo el mundo, porque comprendía que eran demasiados árboles para aquel sitio. Aún podríamos citar los de San Francisco, los de la Feria y otros, incluso últimamente los de los Caneiros; pero vamos a terminar.

Los Magnolios de la Plaza tendrán unos 30 años aproximadamente, y desde los diez años han dejado de desarrollar el tronco porque no se podan y porque están demasiado juntos, a tres metros unos de otros, haciéndolo solamente las raíces y las ramas, que se entrecruzan formando una espesa cortina de follaje, que es lo que estorba a estos vecinos. Cuando se plantaron, seguramente que serían unos arbolitos muy bonitos. Ahora no son ya arbolitos, ni tampoco son árboles. Si se quiere que sean esto último, sobran, por lo menos, dos de cada tres, porque el árbol, y digámoslo parodiando el lema del escudo de Costa Rica, para ser grande y fecundo necesita ser libre e independiente.

Ahora bien, Sr. Alcalde. Nosotros somos unos vecinos del pueblo que sentimos una necesidad y la unanimidad en pedir el remedio lo demuestra, y si la sentimos o no, no son los vecinos de otros barrios los que lo han de saber mejor, así como nosotros desconocemos las de ellos, y hemos acudido correctamente al Ayuntamiento. Este tomó un acuerdo que consideramos válido por haberlo sido dentro de sus atribuciones y libremente.

El segundo acuerdo ha sido coaccionado por un amago de manifestación, y ya no fue espontáneo. Si recurriésemos en queja al Gobernador, pudiera darnos el derecho, que hay artículos en la ley en que apoyarlo; pero ni es nuestro ánimo recurrir a ese extremo, que sería al caciquismo de arriba, teniendo ya bastante con el de abajo, ni son esas las teorías modernas. En estos tiempos en que se pregona la autonomía municipal y hasta la regional, creemos que estos asuntos domésticos debemos arreglarlos en casa.

Por lo tanto, rogamos a V. Que, ya por medio de otro acuerdo de la corporación municipal, o de un plebiscito, o de una consulta a los firmantes de la protesta o por el medio que usted crea oportuno, se nos libre de la molestia que nos producen los mentados árboles: que no tengan que soportarlos más y hasta llegar a odiarlos.

Los vecinos de la Plaza.

..Tales Magnolios han vivido ya una parte de la Historia de la antigua Brigantina; arrancarlos del lugar que nuestros progenitores les marcaron, será falta de respeto a la gloria de sus nombres, y bárbara profanación de una inolvidable página de nuestras pasadas grandezas...



Fotografía da Banda Municipal de Betanzos no Programa de Festas Patronais de San Roque de 1911 cas dúas ringleiras de árbores.

Esta cita final está tirada, con moito rancor, da petición realizada por outros veciños ao Concello de Betanzos para que mantivese os exemplares no seu lugar, nun documento que rezaba o seguinte²³:

Señor Alcalde del Excmo. Ayuntamiento de esta ciudad.

Los que suscriben, vecinos de la misma, a la Excmá. Corporación de su digna presidencia, exponen:

Que, enterados de la enormidad que supone el acuerdo adoptado por aquella en sesión del día veinticinco del actual, disponiendo la total destrucción de las bellas magnolias que exornan la amplia y elegante plaza de la Constitución, se apresuran a:

Solicitar se deje sin efecto el expresado acuerdo, por considerarlo atentatorio al ornato público, a la salud y comodidad del vecindario y a la cultura, toda vez el árbol es el más hermoso adorno de la Naturaleza, tan exuberante de vegetación en este incomparable rincón mariñano y símbolo de progreso, puesto que, en él atesoran incalculables riquezas y se guardan, a la par que el arte y la poesía, los más impresionantes elementos de saneamiento, hace primordial valor y adementamiento de los pueblos.

Existe además otro orden de consideraciones para movernos a su defensa.

En días feriados y de mercado, no pocos traficantes se preservan de las inclemencias del sol y de las lluvias, bajo sus frondosas copas, pues, sus hojas, muchas, impermeables y permanentes, con agradable sombra en el estío, que se ofrecen en el invierno al paso de las frecuentes aguas pluviales.

Tales magnolias han vivido ya una parte de la Historia de la antigua Brigantia, arrancarlos del lugar que nuestros progenitores les marcaron será falta de respeto a la gloria de sus nombres y bárbara perforación de una inolvidable página de nuestras pasadas grandezas.

Por lo apuntado, nuevamente volvemos a reiterar a la mencionada Excmá. Corporación, la suspensión o anulación de semejante acuerdo.

Es justicia. Betanzos, veintiocho de enero de mil novecientos diecinueve.

Mismo as Irmandades da Fala de Betanzos quixeron facer pública a súa opinión ao respecto, ca súa propia solicitude²⁴:



Ferrer (ca.1905). Praza da Constitución cas dúas ringleiras de árbores.

Ao Eixcmo. Auntamento d'ísta cibdade

Tendo conocimiento á Irmandade da Fala do acordo d'ísa Corporazón data vintecinco do corrente mes en que, a solicitude de varios veciños da Praza da Constitución, donde se hachan os fermosos magnolias qu'adornan aquél centro da cibdade, referente a corta dos mésmos, non pode menos de faguer persente á súa respeitosa pró enérxica protesta contra tal feito considerando que iste é un aldraxe ô arbolado riqueza é fermosura principal de Galicia.

Consideramos que as razos eispostas pol-os firmantes da dita solicitude é por algunhos señores concellás son, o noso entender, valeiras de razón porque non perxudicarían en nada os mentados albres ó emprendrado da praza sí a Corporazón municipal ou á comisión correspondente s'houberan ocupado de faguer arredor dos troncos os ocos correspondentes á semellanza d'outras poboacións de mais importancia que a nosa. Coidamos que lonxe de perxudicar favorecen: molestia para unhos cantos veciños que lles estorban diante das súas casas, é beneficio do resto do pòbo é das xentes do partido xudicial que concurren no vrão ô mercado que naquel sitio se efeutúa por darños sombra donde non s'abrigan do sól os mercaderes se non tamén as súas mercancías, xeralmente froita, que fora d'íste abrigo sufrirían desperdicio perxudicando as pouco folgadas facendas da xente labrega.

Áo faguer ista protesta á Corporazón que dirixe os destinos d'ísta nobre é histórica cibdade coidamos sere atendidos en xustiza pol-a razón que nos asiste, porque non é ista protesta nosa s'amente, é de todo ó pòbo, da maoría dos veciños d'ísta vila que vén na tala dos mentados abres un perxuício grande acordado pol-o seu Concello.

Ollamos pois, n'ístas manifestacións ó suficiente pra que á Corporación Municipal refresiones é volte á ouvir á voz dos que con xustiza erguen ó seu berro.

Posibre sería qu'a nosa petizón fose desouvida: ¡Non é á primeira, nobre, que eisi lle pasa!; pero agardamos da cordura dos señores concelleiros sere ouvido.

Betanzos, 30 de xaneiro de 1919.

Irmandade da Fala.

O Conselleiro accidental, Anxel Ramos.



Avrillon (ca.1900). Praza da Constitución arredor do 1900 cas dúas ringleiras de árbores.


Mais non foi neste episodio cando o Concello de Betanzos arrancou os dezaseis magnolios da Praza do Concello, xa que ata os propios concelleiros chegaron a pedirlle ao alcalde que non o fixese para evitar que se «alterase el orden público»²⁵; nin tampouco en 1936, cando os veciños quixeron aproveitar as obras na rúa Sánchez Bregua para levantar as magnolias.

Finalmente, as árbores chegarían ata o 2 de febreiro de 1938, cando sendo alcalde Juan Jesús García Iribarne, fillo de Juan García Naveira, e aproveitando un suposto descontento veciñal pola altura das copas, decide arrincar as magnolias coa escusa de reformar a praza con adoquíns e cunha posterior colocación dun xardín de plantas ornamentais:

La Excm. Corporación [...] acordó, por unanimidad, adjudicar la colocación del pavimento de adoquín de que se trata, a destajo, a favor de los Domingo Ramos y Custodio Pereira, de conocidas garantías, y que lo hacen al precio de 1,25 pesetas el metro cuadrado, y con demás condiciones que la propuesta menciona²⁶.

Finalmente, as magnolias arrincaríanse contra o verán de 1938 a raíz do proxecto de obras redactado polo arquitecto Valderrama para a Praza da constitución:

El Sr. Presidente propone á la Excm. Corporación, las siguientes modificaciones al proyecto del Sr. Valderrama en las calles Sánchez Bregua y Constitución. [...] 4^a. Igualmente se



Proxecto para o xardín da Praza da Constitución en 1938.

modificala lágrima (plazoleta) de la Plaza de la Constitución que estará formada por alineaciones rectas y dos semicirculares de distinto radio, y recorriendo el saliente de la curva de menor radio, llegará 7 metros más abaixo de lo que narra el proyecto del Sr. Valderrama.²⁷

Con Juan Jesús como alcalde, a Praza da Constitución tamén pasaría a denominarse Plaza del General Franco desde o 17 de xuño de 1938²⁸. A propia documentación conservada no Arquivo Municipal de Betanzos explica como foi a retirada das magnolias orixinais (Núñez-Varela, 2013:19):

Las magnolias fueron arrancadas mediante el tiro de dos parejas de buelles con cables

metálicos. La ocasión fue aprovechada por los niños para recoger las monedas que afloraron de entre las juntas de las piedras de cantería del enlosado, entre los que se encontraban Jesús Núñez y Manuel Beccaría, al enterarse doña Esperanza Beccaría, tía de éste último, de las pesetas que habían reunido, se las retiró con destino a fines piadosos.

Grazas á documentación gráfica pódese ver que a plantación de dezaseis magnolias non se corresponde coa da especie que aínda hoxe preside a Praza da Verdura. En fotografías como a realizada por Antonio Avrillon obsérvase que os dezaseis exemplares de magnolia estaban colocadas en dúas filas de oito a ambos os dous lados do edificio municipal. Desta forma, abríase un paso simbólico para a política municipal, pois servía como acceso principal para as comitivas.

Para o caso da Praza da Verdura, a primeira referencia que atopamos do magnolio do adro da igrexa é unha fotografía de Pedro Ferrer, datada na primeira década do pasado século XX. Nela móstranse as escasas dimensións da árbore, o que indica que fora plantada había pouco tempo. Con base nisto, pódese concluír que non formaría parte da partida de dezaseis magnolias da Praza da Constitución, senón dunha plantación posterior.

En definitiva, coas fotografías pódense ir vendo a súa evolución ao longo das décadas, dando sombra ao altar dos «Caídos por Dios y por España» que se inaugura en 1946 (Torres, 2018: 262) ou simplemente ambientando unha praza coñecida na actualidade polas actividades culturais do Café Lanzós.

7. O campo da Feira Nova

A conversión do Campo da Feira en praza fixo que se destinaran outros espazos menos nobres para acoller os mercados. Xorde así o campo da feira nova, un emprazamento desaparecido que abrangía aproximadamente uns 6.200 m² sobre a actual praza e parque de Afonso IX, o cuartel da Garda Civil e o edificio de Correos.

Antigamente, era coñecido popularmente como o «Campo das Figueiras», porque, segundo a tradición local, alí os irmáns Figueroa provistos de ramallos de figueira librarón á cidade do tributo das Cen Doncelas que tería que entregar Betanzos anualmente aos sarracenos (Martínez Santiso, 1892: 176-177)²⁹. De feito, o Campo das Figueiras situábase a carón do Valdoncel, lugar que tamén fai alusión a este episodio -Val das doncelas-. Pasado o tempo, esta zona tamén se coñecería como o Picardel.

Para dar a sombra necesaria ao gando e, en xeral, ás persoas que andaban pola feira, existía a necesidade de plantar novas árbores. Finalmente, plantáronse unha morea de



Pintura de Seijo Rubio desaparecida, ca árbore que se corta en 1940 baixo a Praza da Verdura, na 3ª venela.



Anónimo (s.d.) Campo da Feira Nova.



Anónimo (ca.1910). Vista da plantación de árbores da Feira Nova.

plátanos na primeira década do século XX. Mesmo desde o xornal *Nueva Era*³⁰ chegan a solicitar, en 1913, que se faga unha inversión nun xardín que eles xa chamaban «del Buen Retiro» pechando cunha verxa a zona do antigo Picardel, decorando con cadeiras e mesas de ferro e aproveitando as iniciativas industriais que quixesen explotar o negocio de bebidas para deleite de todos os que se achegaran a esta zona de Betanzos, xa ambientada cos plátanos da Feira Nova.

Os plátanos eran unha especie moi recorrente para decorar as rúas de Betanzos. Proba disto é que a corporación municipal merca varios exemplares en 1901 para «plantar en diferentes calles y reponer algunos que han muerto de los existentes en otras»³¹. Esta compra, á que se fai referencia noutros xornais da época, ía destinada en concreto a «reponer los que se han secado en el campo de la feria, con cuyo motivo el Sr. Peña pidió que en el relleno del Peirao se colocase una fila de dichos arbustos»³².

A vida destas árbores prolongouse ata os anos finais da década dos setenta, cando se comezan a construír os anteditos edificios xunto co da antiga Telefónica. Como consecuencia, desplantáronse os plátanos, polo que a memoria visual da Feira Nova ficou no esquecemento.

3.1. O parque Pablo Iglesias

Un dos proxectos máis destacados para a construción de parques e xardíns é o que ideou Francisco Javier Martínez Santiso no ano 1923 para o Parque Pablo Iglesias. Neste proxecto tñíase pensado construír e instalar os típicos elementos de ocio para os xardíns: un palco da música, un quiosco, cento sesenta bancos e seis columnas para serviren como farois. Xunto a isto, Martínez Santiso actuou como un verdadeiro botánico, pois pretendía plantar dezaioito especies vexetais diferentes: «33 eucaliptus, 82 plátano, 46 álamo, 44 negrillo, 45 acacia, 44 olmo, 9 nogal, 9 serval, 1 fresno, 6 camelio, 5 laurel, 4 aligustre, 8 magnolio, 5 tejo, 1 naranjo, 3 pino, 1 granado, 58 árbol de adorno». Como resultado final, o parque abrangería un total de catrocentos catro exemplares. Deste



Anónimo (s.d.). Vista aérea do barrio da Magdalena, co Parque Municipal e o eucaliptal posterior. Arquivo da Asociación de Veciños da Magdalena e a Condomiña.



Proxecto de Martínez Santiso para o Parque Municipal. Arquivo Municipal de Betanzos.

xeito, o Parque Pablo Iglesias de seguro que sería un dos espazos públicos máis concorridos e fotografados de Betanzos.

Malia que o proxecto de Martínez Santiso non se chegaría a realizar nunca, asentou os fundamentos teóricos e decorativos do futuro proxecto que se inaugura en 1932 sobre un antigo campo de fútbol (Arcay, 2018: 431). Deste xeito, introducíronse diferentes exemplares: o magnolio e a magnolia do seu centro, a nespereira, a catalpa ou as palmeiras dos seus recunchos, onde orixinariamente foran plantadas catro parellas de palmeiras das cales varias acabaron secando e sendo arrancadas, namentres outras desapareceron para deixar paso ao edificio de sindicatos.

En novembro dese mesmo ano, a Casa M. Rodríguez, unha empresa dirixida por Bernardo Carvajal Rodríguez e dedicada á venda de árbores frutais e forestais, propón ao concello de Betanzos encher o Parque Municipal coas seguintes especies:

144 arbustos de hoja perenne (20 aucubas japónicas, 10 aligustres, 10 daturas de gran flor blanca, 50 evonimus dorados y plateados, 8 pittisporuns (flor de azahar), 20 escallonias de flor roja, 6 rhododenduns, 20 viburnums) y 200 arbustos de hoja caduca (deutzias, forsithias, lilas, spirias, syringas o weigelias), 45 árboles de hoja caduca (20 acacias besoniana, 10 arces jaspeados, 10 tulipaneros de Virginia, 5 lluvias de oro), coníferas (araucarias excelsas, tejos variados, thuyas matizadas en branco, doradas y plateadas) y varias palmeiras (dracenas indivisas, chamoerops excelsa e phaenix canarienses)³³.

Finalmente, este proxecto foi aceptado pola corporación municipal. Xunto con isto, neses tempos tamén se propón a creación dun Parque Municipal de Deportes ou a da construción dun depósito elevado para o servizo do xardín, do que se dicía o seguinte:

Que carece de agua, para poder así efectuar los cotidianos riegos en las épocas de verano, y cuyo efectos se dejan sentir en forma lamentable, llegando a desaparecer incluso, algunas especies de floricultural a causa de la sequía³⁴.

Xunto con esta proposta, tamén se solicitaba a adaptación da caseta de consumos para convertela nuns servizos públicos «de migitorios», co obxectivo de que o parque fose un espazo o máis hixiénico posible.

Outras plantacións de interese en torno ao Parque Municipal foron un centenar de eucaliptos de grande porte que se localizaban no límite norte do mesmo. En realidade, estes situábanse nun brañal da Estación de Ferrocarril, polo que o seu propietario era Renfe. Coa intención de sanear a zona, o concello de Betanzos tenta talalos o 24 de decembro de 1935. Esta pretensión causou bastante descontento entre a veciñanza e varios colectivos, impedindo a tala dende a asociación de Amigos de los Árboles³⁵.

Posteriormente, o Parque Municipal sempre foi obxecto de sociabilidade grazas ao contorno apracible que garantía a súa vexetación. De feito, adoitaba ser un dos escenarios da programación das festas para a celebración de eventos infantís como festas da cucaña, teatros de monicreques, merendas ou concursos de cantos³⁶.

8. A Casa de dona Águeda

Os xardíns privados sen dúbida son auténticas xoias para a ornemantación vexetal. Serían incontables os exemplos de casas que contaban e contan con árbores senlleiras, mais o verdadeiramente importante é que para que sexan patrimonio cultural accesible a todo o mundo deben de ser visibles, cando menos, desde a vía pública.

Anónimo (Anos 60). Fotografía da casa de dona Águeda e do cedro.



Anónimo (1929). Fotografía familiar nos xardíns da Casa de dona Águeda.



Ruth M. Anderson (1926). Fotografía do mercado dos vimbios na rúa dos Cabidos.

Isto ocorría coas árbores do xardín da casa de dona Águeda, filla de Juan García Naveira. A súa morada contaba na parte traseira cun imponente xardín decorado con todo tipo de plantas, flores e árbores, onde quizais as máis coñecidas serían as palmeiras. Talvez estas fosen provistas polo mesmo fornecedor que plantou as do Pasatempo, pois, loxicamente, os contactos de adquisición eran os mesmos que os de don Juan. A vida desas palmeiras duraría tanto como a casa, pois foron arrincadas a comezos dos anos noventa e trasladadas a Vilaboa, o que causou unha importante caravana de coches á súa saída da vila³⁷.

Este xardín non era excesivamente grande, pero cómpre salientalo pola súa repercusión pública e, como sinala Erias Morandeira, pódese considerar un auténtico xardín típico das vivendas indianas (Erias Morandeira, 2007: 456-457). Estrukturábase nun camiño central de grava do que a cada lado se bordaban dous conxuntos formais de *parterres* que se subdividían así mesmo en catro arrietes de herba con plantas e que no centro tiñan unha figura de formigón semellante ás que había no Pasatempo; ao fondo, tamén había outros dous *parterres*, pero moito máis simples.

Sen dúbida, era o escenario perfecto para o retiro familiar. De feito, foi un lugar moi admirado pola familia dos García Naveira; tal e como se pode ver nunha grande cantidade de fotografías, alí facíanse as danzas dos mariñeiros, congregábase frecuentemente a familia ou mesmo se trasladaron os bustos dos emperadores romanos que estaban en orixe no Pasatempo.



Anónimo (s.d.). Rúa de San Francisco entre 1919 e 1936.

9. OUTRAS ZONAS ARBORADAS

9.1. O plátano na esquina da rúa dos Cabidos

O plátano de sombra tamén colonizou a esquina da rúa dos Cabidos no seu cruce coa da Ribeira, onde un bo número destes exemplares se colocaron para dar sombra no mercado dos vimbios. Sobre isto, cítase no xornal local *Las Mariñas* o 30 de abril do 1893³⁸ que se habilitara «un pequeno jardín» no pedazo de terreo existente entre «lo que fue la bodega de los frailes franciscanos y la carretera o calle de la Ribera». A isto hai que engadir as pesquisas realizadas por José Raimundo Núñez-Varela y Lendoiro (2015: 123), quen sostén o seguinte: «Por lo menos se plantaron unos cuantos plátanos, que se conservaban el jueves 21 de enero de 1926 al celebrarse en dicho lugar el [...] el mercado de los «vimbios» o mimbres».

Desde logo, é interesante a importancia que se lle dota aos plátanos para creación de mercados como se for unha arquitectura efímera. Así mesmo, esta afirmación pódese comprobar na fotografía que realiza Ruth Matilda Anderson nesa mesma data.

A desaparición das árbores deste enclave puido darse coa formalización da venda das adegas do convento, situadas detrás deste punto, sobre o ano 1950. Na década dos trinta tamén podemos apreciar ringleiras de plátano de sombra de certo porte situadas nas marxes da estrada a Ferrol e da Eira Vella, que deberon ser plantadas no primeiro lustro do século XX.

Ao igual que este plátano, houbo outras talas destacadas *intramuros*. Neste sentido, cabe mencionar a instancia presentada por Ramón Dopico Rey en 1912³⁹, pola que solicita que se corten as árbores da rúa do hórreo, que prexudicaban naquel momento ao tránsito dos carros.



Fondo Alberto López (Principios do s.XX). Vista de Betanzos dende a Estación do Norte.

9.2. Os álamos brancos do matadoiro da Ribeira

Segundo achega Núñez-Varela y Lendoiro, no ano 1932 acordouse mover de lugar a coñecida coma «Feira de los burros». En orixe, esta situábase no contorno inmediato ao adro de San Domingos, pero decídese cambiar para o recheo do Matadoiro da Ribeira e fronte á súa fachada principal. Con ese cambio, decidiuse plantar arredor dunha ducia e media de álamos brancos, que axiña configuraron un espazo idóneo para acoller a sombra (Núñez-Varela, 2015: 146).

Pola contra, esta masa arbórea non duraría moitos anos. A súa desaparición remóntase ao ano 1954, cando o grupo Brigantium constrúe os bloques de vivendas da Ribeira.

9.3. Os freixos no acceso a Betanzos

Cabe citar as ringleiras de árbores situadas nas marxes dos principais accesos á vila dende Santiago e Lugo no primeiro cuarto do século pasado. Polo que se aprecia en distintas instantáneas, semellan ser freixos, aínda que non é doado distinguir a variedade.

O cometido destas árbores sería o de dar protección aos viandantes no seu percorrido de entrada ou saída da vila. No caso da saída cara Santiago, xustificando, máis se cabe, pola localización da estación de ferrocarril.

9.4. Os cedros de Betanzos

Outro exemplo singular é o relativo a unha mesma especie: o cedro. En Betanzos pódense atopar cedros de avanzada idade no perímetro do IES Francisco Aguiar, onde se manteñen aínda varios exemplares tras a desaparición dun deles hai varios invernos; algún exemplar menor no parque Pablo Iglesias e outro agonizando na praza de Paio



Anónimo (1907). Mitin de Nicolás Salmerón no Palco da Música.

Formoso, onde as obras de renovación das canalizacións da zona parecen querer poñer punto e final a existencia doutro cedro de grandes dimensións que segue dando sombra ao pé do Mandeo.

Había outro cedro a carón da Avenida de Castela, nas inmediacións do Grupo Caneiros, mais o temporal Klaus de 2009 levouno por diante cando contaba con setenta anos de idade.

CONCLUSIÓNS

A identificación e localización de árbores senlleiras ou, en xeral, de interese en Betanzos ofrece un amplo abano no que con este artigo se aproximan os primeiros datos para coñecelos e difundilos. É certo que non son frecuentes os estudos sobre historia da botánica e a súa repercusión aplicada á historia da arquitectura e do urbanismo, mais é unha necesidade para comprender o patrimonio cultural conservado e polo que paseamos día a día.

Queda claro que ata o século XIX a decoración urbana a partir de árbores non era recorrente, pois o plano da cidade medieval de Betanzos e as súas relacións económicas e sociais o imposibilitaba. O oitocentos transformou, polo tanto, a paisaxe urbana precedente e a partir de aí introducíronse en moitas ocasións especies foráneas cunha exclusiva finalidade ornamental.

Sirva como exemplo para representar a importancia deste patrimonio, a anécdota narrada por Xulio Cuns e Xosé María Veiga, quen recollen das actas municipais de 1852 o despedido do garda das árbores da Alameda (Cuns, Veiga, 2000: 270), emprego un tanto peculiar, que o goberno local da época non cría necesario manter:

Teniendo presente el Ayuntamiento el mal comportamiento del guardia Tomás Gómez y la ninguna necesidad de la conservación de este empleo, que sin reparar beneficio alguno suma el gasto anual de doscientos cuarenta reales a los fondos del comun acuerda separar al Gomez de dicho destino, de conformidad con lo manifestado por el Sr. Alcalde Presidente y encargar del cuidado del poco arbolado existente al que lo está de la limpieza pública Manuel Galdeano, sin por ello aumentarle ni mas sueldo del que disfruta, ni otra alguna gratificacion.

NOTAS

⁴ A Administración Autonómica creou o Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia a través do *Decreto 67/2007, do 22 de marzo*. Actualmente, a protección das árbores senlleiras está regulada mediante o *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras*, que está vixente desde o *Decreto 10/2015, do 22 de xaneiro*.

⁵ A súa última actualización está en vigor desde o 07/10/2015.

⁶ Alfredo Erias e Xosé María Veiga achegan unha explicación detallada ao respecto. Os documentos nos que se menciona 'guerta' son os seguintes: Arquivo Municipal de Betanzos (en adiante, AMB). Actas, 18/06/1550; 04/07/1550; 09/07/1550; 23/07/1550; 16/01/1553; setembro 1554.

⁷ Todo isto documéntase no folio 85 do protocolo 354 conservado no Arquivo Histórico de Protocolos do Ilustre Colexio Notarial de Galicia. Nesta escritura, con data de 28 de abril de 1640, especificase a compra de limóns e laranxas que realiza Steven Locke, un mercader londinense, a Marcos Mazás e Fernando Afonso, veciños de Betanzos. Isto pódese coñecer grazas á transcripción que realizou José Raimundo Núñez-Varela y Lendoiro a través da súa páxina web.

NÚÑEZ-VARELA Y LENDOIRO, José Raimundo (22/09/2012): «Exportación de cítricos de Betanzos para Londres en 1640», *Sitio Web del Cronista Oficial de Betanzos*. [Online] Consultado el 29/03/2021. Disponible desde: <http://www.cronistadebetanzos.com/exportacion-de-citricos-de-betanzos-para-londres-en-1640/>

⁸ Archivo General de Simancas. Dirección General de Rentas, *Catastro de Ensenada*, libro 156, «Interrogatorio de la Ciudad de Betanzos», fols. 412vº-413rº.

⁹ Sobre a busca das especies autóctonas da comarca de Betanzos e a súa difusión cómpre recoñecer o traballo que desenvolve a organización non gubernamental e non lucrativa *Fragas do Mandeo. Fondo de Conservación da Natureza de As Mariñas*, que se mobiliza frecuentemente da man da cidadanía para facer fincapé na necesidade de preservación da biodiversidade das Mariñas.

¹⁰ A intervención de Carlos Lemaur en Betanzos foi amplamente estudada polo historiador Antonio Meijide Pardo, quen baleirou os arquivos municipais de Betanzos e Santiago de Compostela para documentar esta grande obra do século XVIII. Véxase: MEIJIDE PARDO, Antonio (1969). «El Plan Lemaur sobre los juncales de la ría de Betanzos en el siglo XVIII», *Estudios Geográficos*, v. 27, nº 102, pp. 75-102.

¹¹ Arquivo do Reino de Galicia. Real Audiencia de Galicia, caixa 885 105, *Monasterio de Sobrado con la Justicia y Regimiento de Betanzos y el Procurador General, sobre los montes de la Graña de Brión y más que se contiene*, 1575.

¹² AMB. Goberno, concello, libros de plenos municipais, C-1874c, 08/05/1874, fols. 50vº-51rº.

¹³ Entre os escritos e proxectos de Haussman, véxase: HAUSSMANN, Georges-Eugène (1874). *Instruction concernant la voirie urbaine*. París, Imprimerie centrale des chemins de fer, p. 13.

¹⁴ AMB. Goberno, concello, libros de plenos municipais, 17/05/1839, fols. 16vº-17vº

¹⁵ Arquivo Municipal da Coruña. Concello da Coruña, caixa 2558, expediente 23, *Cantón de Porlier*, 1847.

¹⁶ Concello de Betanzos (29/01/2018): «O Concello substitúe varias árbores da praza dos Irmáns García Naveira que estaban enfermas e ademais pertencían a unha especie invasora», *Páxina Web Oficial do Concello de Betanzos*. [online] Consultado o 29/03/2021. Disponible desde: <https://novas.betanzos.es/o-concello-substitue-varias-arbores-da-praza-dos-irmans-garcia-naveira-que-estaban-enfermas-e-ademais-pertencian-a-unha-especie-invasora/>.

¹⁷ AMB. Proxectos de parques e xardíns, c.594.

¹⁸ *Rexurdimento: Revista quincenal, órgao dos intereses mariñás*, nº1, 1 de agosto de 1922, p.6.

¹⁹ *El Eco de las Mariñas*, nº8, 1 de xuño de 1956, p.7.

²⁰ *El Progreso*, nº19, 10 de marzo de 1901, p.3.

²¹ *El Adelanto: Diario político de Salamanca*, nº16031, 2 de agosto de 1936, p.7.

- ²² AMB. Proxectos de parques e xardíns, c.594.
²³ AMB. Proxectos de parques e xardíns, c.594.
²⁴ AMB. Proxectos de parques e xardíns, c.594.
²⁵ AMB. Proxectos de parques e xardíns, c.594.
²⁶ AMB. Goberno, concello, libro de actas municipais, 02/02/1938, s/f.
²⁷ AMB. Goberno, concello, libro de actas municipais, 19/05/1938, s/f
²⁸ AMB. Goberno, concello, libros de plenos municipais, 17/06/1838, fols. 3vº-4rº.
²⁹ Desde un punto de vista da mentalidade romántica, Manuel Martínez Santiso narra a crónica da Batalla do Campo das Figueiras na súa *Historia de la ciudad de Betanzos*.
³⁰ *Nueva Era: Órgano de la opinión brigantina*, nº24, 12 de xaneiro de 1913, p.1.
³¹ *Otro Pueblo: Órgano del Partido Liberal brigantino*, nº12, 13 de decembro de 1901, p.2.
³² *El Pueblo: Órgano independiente de esta localidad*, nº63, 14 de decembro de 1912, p.2.
³³ AMB. Proxectos de parques e xardíns, c.3433.
³⁴ AMB. Proxectos de parques e xardíns, c.575.
³⁵ AMB. Proxectos de parques e xardíns, c.3433.
³⁶ Isto pódese legar a través dalgúns programas das festas de distintos anos, por exemplo os de 1953, 1955, 1960, 1961, 1990.
³⁷ *La Voz de Galicia*, 2 de marzo de 1990, p.33.
³⁸ *Las Mariñas*, nº155, 30 de abril de 1893, p.2.
³⁹ AMB. Proxectos de parques e xardíns, c.594.

BIBLIOGRAFÍA

- AMIGO VÁZQUEZ, Javier; RODRÍGUEZ GUITIÁN, Manuel Antonio; GIMÉNEZ DE AZCÁRATE CORNIDE, Joaquín; ROMERO BUJÁN, María Inmaculada (2016): «Vegetación natural en la cuenca del Río Mandeo: Tramo Curtis-Betanzos (A Coruña)». *XXV Jornadas Internacionales de Fitosociología. II Congreso de la Sociedad Española de Geobotánica*. A Coruña, Deputación da Coruña.
 ARCAÏ BARRAL, Ángel (2018): «O arquivo fotográfico da Magdalena e da Condomiña: memoria visual dos arrabaldes». *Anuario Brigantino*, nº41, pp.415-448.
 ARCAÏ BARRAL, Ángel; DUO SUÁREZ, Yosune; SOUTO SANTÉ, José (2020): *El Parque del Pasatiempo de Betanzos*. Betanzos, Autoedición.
 BARALLAT FALGUERA, Celestino (1984): *Principios de botánica funeraria*. Barcelona, Editorial Alta Fulla.
 CABANO VÁZQUEZ, Ignacio (1985): «La arquitectura de Rafael González Villar en Betanzos». *Anuario Brigantino*, nº8, pp.131-144.
 CUNS LOUSA, Xulio; VEIGA FERREIRA, Xosé María (2000): «Os serenós: Historia e historias da Garda Municipal de Betanzos». *Anuario Brigantino*, nº23, pp.255-310.
 DEL HOYO, Jerónimo (1607): *Memorias del arzobispado de Santiago* [reproducción facsimilar de Salvador Donato Búa, Simón Vicente López e Juan Conde Roa, 2016]. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
 ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo (1990): *O arquivo fotográfico de Selgas*. Betanzos, Concello de Betanzos.
 ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo (1995): «Evolución dos nomes das rúas nunha cidade antiga de Galicia: Betanzos». *Anuario Brigantino*, nº 18, pp. 29-60.
 ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo; VEIGA FERREIRA, Xosé María (2001): *Betanzos fotográfico. Imaxes dos séculos XIX e XX*. Betanzos, Concello de Betanzos.
 ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo; VEIGA FERREIRA, Xosé María (2002): «Betanzos y su provincia en la época del emperador Carlos V». *Anuario Brigantino*, nº 25, pp. 181-260.
 ERIAS MORANDEIRA, Alberto (2007): «La casa de Doña Águeda: construción, destrución y reconstrución teórica de una casa de indios en Betanzos». *Anuario Brigantino*, nº30, pp.423-460.
 FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Carlos; VEIGA FERREIRA, Xosé María (1993): «Política sanitaria: A construción do cemiterio Municipal de Betanzos». *Anuario Brigantino*, nº16, pp. 75-86.
 GÓMEZ ORELLANA, Luis; RAMIL REGO, Pablo (Eds.) (2019): *Xardinería e paisaxismo en Galicia: recursos e novos enfoques*. Monografías do Ibader – Serie Biodiversidade. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
 HAUSSMANN, Georges-Eugène (1874): *Instruction concernant la voirie urbaine*. París, Imprimerie centrale des chemins de fer.



Anónimo (ca.1960). Vista aérea de arredor de 1960 na que se distingue o magnolio diante da igrexa.

- MADOZ IBÁÑEZ, Pascual (1846): *Diccionario geográfico, estadístico, histórico de España y sus posesiones de Ultramar*, v. IV. Madrid, Est. Literario-Tipográfico de P. Madoz y L. Sagasti.
- MARTÍNEZ SANTISO, Manuel (1892): *Historia de la ciudad de Betanzos* [edición facsimilar de Alfredo Erias Martínez, 1987]. Betanzos, Deputación da Coruña.
- MEIJIDE PARDO, Antonio (1969): «El Plan Lemaur sobre los juncales de la ría de Betanzos en el siglo XVIII», *Estudios Geográficos*, v. 27, nº. 102, pp. 75-102.
- NIÑO RICO, Henrique; SILVAR, Carlos (1997): *Guía das árbores de Galicia*. Baía Edicións, A Coruña.
- NÚÑEZ-VARELA Y LENDOIRO, José Raimundo (2015): *Morfología urbana de Betanzos de los Caballeros. Extramuros. Aproximación documental*. Betanzos, Concello de Betanzos.
- PEÑA NOVO, Lois (1918): «O problema agrario en Betanzos. A sua resolución». *Xogos Frorae de Betanzos*. Betanzos, Imp. de Manuel Villuendas.
- PEÑA NOVO, Lois (1951): «Agricultura y ganadería: ¡Betanceros, plantad muchos frutales!». *Anuario Brigantino*, nº 3, p. 97.
- QUIRÓS LINARES, Francisco (1990): *El jardín melancólico. Los cementerios españoles en la primera mitad del siglo XX*. Oviedo, Universidad de Oviedo.
- SÁNCHEZ GARCÍA, Jesús Ángel (1999): *Mariñán. Pazo de los sentidos*. A Coruña, Deputación da Coruña.
- SÁNCHEZ GARCÍA, Jesús Ángel (2019): «Antecedentes para el necroturismo en España. Visitantes británicos en la tumba del capitán John Moore en A Coruña (siglos XIX y XX)». *XX Encuentro de cementerios patrimoniales*. Red Española de Cementerios Patrimoniales.
- TORRES REGUEIRO, Xesús (1995): «A construción da fonte de Diana». *Anuario Brigantino*, nº18, pp. 129-142.
- TORRES REGUEIRO, Xesús (2003): «O betanceiro Hotel Comercio. Noticia dun hoteliño en tempos de escaso tránsito». *Anuario Brigantino*, nº26, pp.273-280.
- URGORRI CASADO, Fernando (1987): «Los curtidores vasco-franceses de Betanzos y la curtición antiguan». *Libro programa das festas de San Roque*. Betanzos, Concello de Betanzos.